


OS NOSOS LOCAIS:

PONTEVEDRA.- Rúa pasanteria, 1 baixo. Tlf 986,852,950
VIGO.- Rúa Gregorio Espino,, 47 entrechan. Tlf 986,827,900
O MORRAZO.- rúa Atranco, 16 entrecha, Tlf 986,302,987
O PORRIÑO.- A. Palacios (casa sindical) 986,336,,204
A GUARDA.- Praza da Guía, 3 baixo. Tlf 986,610,465
A ESTRADA.- Capitán Bernal, 10-2º. Tlf 986,590,900
VILAGARCIA.- Alexandre Bóveda, 2-2º. Tlf 986,505,323
LALÍN.- Areal, 1-1º. Tlf 986,782,191

OURENSE.- Parque San Lázaro, 12-4º. Tlf 988,233,134
O CARBALLIÑO.- M. Avellanosa, 14 baixo. Tlf 988,272,811
O BARCO.- Praza do Concello, 2-1º. Tlf 988,321,511
VERÍN.- Pedro González, 5-1º. Tlf 988,412,345
RIBADAVIA.- Praza S. Eiján, 1 baixo. Tlf 649,942,831
XINZO.- Campo do toural. Tlf 988,462,583

A CORUÑA.- Alfonso Molina. Tlf 981,16,92,93
CARBALLO.- Río sil, 52. Tlf 981,703,169
CEE.- O Son, Edifizo Anmafra, s/n
FERROL.- Eduardo Pondal, 41/43 entrechan. Tlf 981,358,750
AS PONTES.- Balsa, 28. Tlf 981,451,510
SANTIAGO.- Miguel F. Caaveiro, 10. Tlf 981,583,200
AS RIAS.- Praza do Peixe, 64/66-3º. Tlf 981,873,654
NOIA.- Xose Suárez, 2-2º. Tlf 981,823,754

LUGO.- Ronda Muralla, 58 baixo. Tlf 982,225,812
VILALBA.- Constitución, s/n, 2º esq. Tlf 982,512,556
CHANTADA.- Praza de Galiza, s/n. Tlf 982,462,103
MONFORTE DE LEMOS.- R. Baamonde, 29-1º. Tlf 982,403,005
SARRIA.- Rúa Nova, 60 entrechan. Tlf 982,533,672
A MARIÑA.- García Dóriga, s/n, 2º. Tlf 982,561,541
RIBADEO.- Avda. Galiza, 20-3º. Tlf 982,129,59



Confederación Intersindical Galega

FGAMT

SINATURA DO CONVENIO COLECTIVO DA INDUSTRIA TEXTIL E DA CONFECCIÓN 2014

ACORDO DE SINATURA DO CONVENIO TEXTIL 2014

O pasado Xoves 3 de Abril durante a reunión da mesa negociadora do convenio da Industria Textil e da Confección, produciuse un ACORDO entre a Patronal, ccoo e ugt para asinar un novo convenio colectivo nos seguintes termos:

- ✓ Vixencia.- 1 ano, 2014
- ✓ Incremento salarial.- 0,4% con efectos desde o 1 de Xaneiro.
- ✓ Ampliación da redución de xornada por garda legal ate os 12 anos para adaptar o articulado do convenio á lexislación actual.

Ante acordos destas características, o posicionamento da FGAMT-CIG foi de opormonos a sinatura deste convenio por moitas razóns, a saber:

1. As traballadoras e traballadores do sector levan anos perdendo poder adquisitivo. No 2011 houbo conxelación salarial e o IPC foi dun 2,4. No 2012 os salarios deste convenio incrementáronse un 0,69% e o IPC foi dun 2,9. No ano 2013 o incremento salarial foi dun 0,6% e o IPC foi dun 0,3. Polo tanto, a perda de poder adquisitivo é como mínimo dun 4,31%.
2. Pese ao retroceso nas cuestións puramente económicas, tampouco a patronal tivo a ben asumir outro tipo de melloras nos procesos de negociación deste convenio, tais como xornada laboral, permisos, categorías, contratación indefinida, etc.
3. Do mesmo xeito para a FGAMT-CIG é absolutamente reprobable que a patronal NUNCA quixese asumir ningún compromiso para frear a deslocalización da fabricación para evitar a

continua perda de postos de traballo no sector. O único compromiso da patronal de manter e mesmo mellorar resultados económicos aínda que para iso recurran a man de obra exclavizada.

4. O convenio da industria textil e confección asinado no 2013, supuxo un importante retroceso en materia de dereitos laborais, tanto os sindicatos españois como a patronal utilizaron esa negociación para aplicar nas empresas a reforma laboral, pactoron a eliminación da cláusula de ultraactividade do convenio e unha distribución irregular da xornada laboral incluso peor que a establecida na reforma laboral.

En conclusión, a sinatura do convenio do textil e confección 2014, supón outro retroceso máis para o conxunto de traballadoras e traballadores afectados polo mesmo, máis compre non esquecermos que non so a patronal é culpábel de que isto sexa así, pois tamén son culpábeis e cómplices os sindicatos maioritarios que a cuarta reunión da comisión negociadora e en nome da suposta “crise económica” decidiron que unha vez máis fosen as traballadoras e traballadores do sector as que asumisen en exclusiva as consecuencias da mesma, continuasen a perder cartos e a ter dispoñibilidade absoluta para traballar no horario máis convinte para a empresa.

Quédanos por diante un novo proceso de eleccións sindicais que podemos e debemos utilizar para quitarlles a maioría sindical que actualmente representan as organizacións que constantemente pactan co goberno e a patronal acordos contrarios aos intereses da clase traballadora.